



Borrador de Proxecto de Orde de ---de 2025 pola que se modifica a Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas para percibir polo persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.

A Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas para o persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia constitúe o marco regulador das condicións de traballo deste colectivo. Porén, o tempo transcorrido desde a súa aprobación, xunto coa evolución das necesidades operativas, organizativas e retributivas do servizo, fan necesaria unha adaptación e revisión de determinados aspectos da norma.

A experiencia acumulada na súa aplicación práctica puxo de manifesto a conveniencia de introducir modificacións que permitan clarificar o réxime de prestación de servizos, mellorar a ordenación das quendas e dos períodos de descanso, adecuar os sistemas de compensación por prolongación de xornada e xornadas especiais, así como regular de maneira máis precisa determinadas situacións específicas do persoal embarcado.

Así mesmo, resulta preciso actualizar determinados elementos retributivos e incorporar unha regulación expresa da formación continua, como instrumento esencial para garantir a seguridade, a profesionalización do persoal e a calidade na prestación do servizo público.

En consecuencia, esta modificación ten por obxecto adaptar a normativa vixente á realidade actual do Servizo de Gardacostas de Galicia, mellorando a súa claridade, coherencia e eficacia, e contribuíndo a unha organización máis eficiente do servizo e a unhas condicións de traballo máis axeitadas ás funcións desempeñadas.

Para ese efecto e tras un proceso negociador cos e coas representantes sindicais do colectivo e logo do acordo acadado na mesa xeral de negociación e do informe favorable da comisión de persoal,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas para percibir polo persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.



Un. Modifícase o apartado un do artigo 1, que queda redactado como segue:

1. Esta orde soamente será de aplicación ao persoal operativo do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Engádesse un apartado 2 ao artigo 1 co seguinte contido:

2 . Ao persoal en segunda actividade seralle de aplicación o réxime establecido con carácter xeral para o persoal funcionario no ámbito da administración xeral e do sector público da Comunidade autónoma de Galicia, sen prexuízo da percepción do complemento específico regulado no artigo 9 e o acceso á formación continua regulado no artigo 12 desta orde.

Dous. Modifícase o apartado 4 do artigo 2, que queda redactado como segue:

4. O persoal disfrutará dun descanso semanal mínimo de 60 horas consecutivas dentro de cada quenda semanal. A estes efectos, enténdese por quenda semanal o período de sete días consecutivos contados desde o inicio do primeiro servizo da quenda.

Tres. Engádesse un artigo 2.Bis co seguinte contido:

Artigo 2. Bis Axentes a bordo de embarcacións e buques itinerantes non adscritas ás Unidades Operativas,

1.- O persoal do Servizo de Gardacostas que embarque nas embarcacións e buques itinerantes do mesmo, tripuladas por persoal civil vencellado por un contrato público, estarán a bordo unha semana e terán dereito a un descanso de dúas semanas consecutivas. Os cambios de quenda faranse os martes de cada semana.

2.- O acceso a este servizo é voluntario e poderá acceder ao mesmo o persoal do Servizo de Gardacostas que non ocupe prazas de patrón/patroa ou mecánico/a nas Unidades Operativas.

Catro. Modifícase o apartado 3 do artigo 3, que queda redactado como segue:

3. No caso de prolongación de xornada, por cada hora prolongada respecto á xornada fixada compensarase no mesmo trimestre, en 2 horas, se se realiza en quenda de mañá ou tarde, en 2,5 horas se se realiza en quenda de noite e en 3 horas se se realiza

en quenda de fin de semana e festivos, tendo en conta as necesidades do servizo e a petición da persoa interesada.

Cinco. Modifícase o apartado 1 do artigo 5, que queda redactado como segue:

1. O número máximo de quendas nocturnas que realizará o persoal operativo será de 8 noites ao mes, sen que poidan realizarse máis de 3 noites consecutivas.

Seis. Modifícase o apartado 2 do artigo 6, que queda redactado como segue:

2. Estas xornadas serán retribuídas mediante un pagamento único por quenda de 120 euros día, non podendo encomendarse máis de dúas xornadas especiais ao ano a cada traballador ou traballadora.

Sete. Modifícase o apartado 1 do artigo 8, que queda redactado como segue:

1. O persoal da escala desfrutará dun descanso adicional de dez días naturais consecutivos **por ano traballado** como compensación pola súa adaptación aos cadrantes horarios que se establezan.

Cando o tempo de servizos prestados sexa inferior a un ano, a duración deste descanso será proporcional ao tempo traballado durante ese período anual.

Este descanso desfrutárase de forma continuada por petición dos interesados e a súa concesión quedará supeditada á planificación do servizo, non sendo acumulable ás vacacións anuais.

Oito. Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

Artigo 9. Ao persoal da escala incrementaráselle en 717,43 euros mensuais o seu complemento específico. A referida contía experimentará os incrementos establecidos na Lei de orzamentos para as retribucións dos funcionarios da Xunta de Galicia.

Nove. Engádese un artigo 12, co seguinte contido :

Artigo 12. Formación continua

1. A Administración garantirá ao persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia o acceso a unha formación continua, actualizada e directamente orientada ás necesidades do posto, á mellora da seguridade operativa e á prestación eficaz do servizo público. O plan formativo será comunicado á representación do persoal.

2. A formación en prevención de riscos laborais e aquela directamente relacionada co posto de traballo organizada polo Servizo de Gardacostas terá carácter prioritario e



considerarase sempre tempo efectivo de traballo. Por tanto, deberá facilitarse a asistencia en horario laboral ou, se isto non fora posible, compensarse o tempo empregado.

A programación da formación deberá respectar o réxime de quendas e os períodos de descanso legalmente establecidos, salvo causa debidamente xustificada por necesidades organizativas ou de urxencia operativa.

A asistencia a cursos da EGAP ou da AGASP relacionados co Servizo de Gardacostas terá o mesmo tratamento. No caso de formación en modalidade de teleformación, considerarase tempo de traballo unicamente o día da proba final.

Tódalas accións formativas non contempladas no plan formativo deben de ser autorizadas previamente de forma expresa e a persoa debe de aportar un certificado de asistencia á finalización da mesma.

3. O persoal deberá dispoñer e manter actualizadas as titulacións, certificados e demais requisitos legais necesarios para o enrole e/ou embarque. Para tal fin, autorizarase a asistencia aos cursos, prácticas e accións formativas precisas coas mesmas condicións que o apartado 2.

Disposición adicional única. Recollida de datos estatísticos.

Para os efectos de permitir o seguimento e a avaliación do impacto desta norma, a Administración recollerá datos desagregados por sexo e idade das persoas traballadoras ás que afecta esta orde, que permitan a elaboración de estatísticas e a realización de estudos sobre a xestión do persoal, as condicións de traballo e a formación no Servizo de Gardacostas de Galicia. O tratamento destes datos levarase a cabo de conformidade co previsto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Santiago de Compostela, XX de XXXXX de 2026

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar